



Consulta pública previa sobre a modificación da Ordenanza Municipal de Circulación

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, ponse en coñecemento das veciñas e veciños de Vilagarcía de Arousa que o Concello está elaborando unha modificación da Ordenanza Municipal de Circulación. Con tal motivo lévase a cabo unha consulta pública sobre os aspectos que abarcará nova regulación:

- As modalidades de aparcamento.
- Ámbitos de regulación, tanto da Zona Azul como das demais modalidades de estacionamento, como por exemplo Zona Verde e os ámbitos de “acceso e estacionamento de Servizo”.

A modificación se centrará nos Títulos IV (RÉXIME DE PARADAS E ESTACIONAMENTOS) e V (ZONA AZUL) da vixente Ordenanza Municipal de Circulación, publicada no B.O.P. de 4 de outubro de 2012.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos formulados neste anuncio, ata o 31 de outubro de 2022, a través do correo electrónico mobilidade@vilagarcia.gal

Vilagarcía de Arousa, setembro de 2022.